

## VI CONGRESO INTERNACIONAL DE AGROECOLOXÍA

Cambiando os modelos de consumo para construír sistemas agroalimentarios sustentables

● **Que é?** O sector público ten un papel relevante como demandante de alimentos. Nese senso, hai entidades públicas que xunto a agricultores, asociacións, colexios, colectivos e investigadores, participan e desenvolven proxectos de consumo responsable. Hai políticas de demanda que incorporan criterios ambientais e sociais, de proximidade e de calidade dos alimentos. Hai experiencias reais, como a dos comedores escolares ecolóxicos e outras similares, que permiten afondar no desenvolvemento local e na dinamización dos recursos endóxeos do agro, apostando polo consumo responsable e sostible de alimentos orgánicos e/ou agroecolóxicos. Conséguese así cumprir múltiples obxectivos: alén dos mencionados cómpre salientar a súa contribución á atenuación do cambio climático.

● **Quen participa?** Persoas, colectivos, responsábeis políticos, entidades de investigación e outros que promoven, practican ou investigan sobre prácticas públicas no consumo responsable de alimentos.

● **Como participas?** Sendo parte do Congreso como contribuínte da túa investigación ou experiencia.

● **Con que obxectivo?** Para definir marcos xurídicos de actuación pública que fomenten a demanda de alimentos con criterios de consumo responsable e de sustentabilidade social, económica e ambiental. E para crear unha Rede de Iniciativas Innovadoras.

● **Palabras clave.** Demanda pública; consumo responsable; gobernanza.

● **Quen coordina?** Xavier Simón Fernández. Universidade de Vigo.

**Contacto da Coordinación do GT:**

[xsimon@uvigo.es](mailto:xsimon@uvigo.es)



O VI Congreso Internacional de Agroecoloxía, con motivo do décimo aniversario do inicio desta actividade científica, queremos que supoña un punto de inflexión no seu desenvolvemento. Sendo importante a tecnoloxía innovadora para producir alimentos, o centro da nosa atención deben ser as **persoas**, as **comunidades** que comparten e as **institucións** das que forman parte para construírmos de xeito inmediato novos sistemas agroalimentarios: os cambios sociais son máis espontáneos que os tecnolóxicos, e as decisións políticas son urxentes, cada vez máis. Non podemos seguir agardando a cambios tecnolóxicos salvadores: é urxente tomar as decisións sociais, introducir cambios institucionais e políticos para solucionar problemas económicos, sociais e ambientais.

O VI Congreso Internacional de Agroecoloxía é unha chamada a científicos, movementos sociais, empresas, persoas e comunidades para compartir os procesos de innovación social, política e institucional nos que esas entidades están inseridos. Eses procesos innovadores servirán para construírmos novos sistemas agroalimentarios que respondan adecuadamente aos problemas impostergábeis do cambio climático e da fame.

### MÁIS INFORMACIÓN

**Secretaría do Congreso**

Teléfono: 986.812.506

Enderezo electrónico: [agroecoloxia2016@uvigo.es](mailto:agroecoloxia2016@uvigo.es)

Páxina web: <http://webs.uvigo.es/economiaecologica/>

Organiza:



Patrocina:



Colabora:

